

Os escritores critican o cambio de modelo para as Feiras do Libro Internacionais

Os editores confirman que acudirán en
solitario ao encontro de Boloña

📅 5 / 2 / 2018 / Santiago. Redacción

A retirada do apoio da Consellaría de Cultura para a asistencia do sector editorial galego a Feiras do Libro Internacionais continúa a provocar rexeitamento na cultura do país. Desta volta foi a Asociación de Escritores en Lingua Galega a que emitiu un comunicado a denunciar a mudanza de modelo, que deixa en mans do Instituto Galego de Promoción Económica as propostas de proxección internacional do sector. Os escritores sinalan que a decisión "debería ser responsabelmente reconsiderada" e que mudanzas desta magnitude "teñen que ser acordadas cos sectores que intervimos no proceso de creación" do que, lembram, é un sector estratéxico. "As cámaras de comercio teñen que apoiar a industria editorial tamén, e non só o sector do automóbil, do mobiliario ou da exportación do granito. Mais quen ten que tomar decisións estratéxicas en positivo de política cultural é a Administración cultural que forma parte do goberno da Xunta", conclúen no seu comunicado.

Pola súa banda, Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, sinala nun artigo publicado no web da revista *Luzes* que a decisión da Consellaría de Cultura "evidencia tanto a ausencia dun modelo estratéxico para a proxección internacional do sector do libro e da edición en Galicia como a incapacidade dos responsables do actual goberno para manter abertas canles de diálogo institucional fluído coa asociación de editoras e co resto de asociacións profesionais do libro". No texto, o editor reclama a creación dunha Oficina do Libro que visibilice o sector e confirma que "membros da AGE, como algunhas das súas empresas asociadas" participarán na vindeira Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña con espazos propios promovidos cos seus fondos.

Finalmente, *Sermos Galiza* recolle o contido dunha carta que a Consellaría de Cultura remitiu á Asociación de Editores na que anuncia un "novo modelo" de xestión da presenza galega nestes encontros internacionais que pasa a depender, como estivera anunciado, do IGAPE. Segundo o texto que publica o semanario, con este sistema a Asociación de Editores xestionará un posto propio fronte ao actual modelo no que é a Xunta a que corre coa organización do stand conxunto do sector galego da edición.

[literatura \(tematica.php?tematica=literatura\)](#)
